



Análise do convenio: Marco xeral

O comunicado sindical do día 5 sobre o convenio afirmaba dúas cousas: 1) Que o día anterior se asinara unha acta final da mesa negociadora; 2) Que se iniciaba o proceso de aprobación do resultado alcanzado.

A pesar dos esforzos por que os textos non se difundan, o texto difundíuse e o seu contido xerou un serio malestar entre os traballadores. A consecuencia disto, a negociación reabreuse, dando como resultado o novo texto do día 10. Pero **ESTE TEXTO DO 10 TAMPOUCO É O DEFINITIVO**, como recoñeceron tanto o comité de Cartagena nun correo do luns como o comité de San Fernando nas asembleas de onte.

Por tanto, é evidente que os negociadores sindicais se equivocaron ó dar por pechada a negociación o día 4. Os defensores deste convenio/plan están a anunciar unha catástrofe se non se aproba, como xa fixeron no IV Convenio. Entón, os traballadores non lles fixemos caso, o IV Convenio non se asinou e non pasou nada. Agora a situación é moito máis favorable: hai carga de traballo, non está o PP no goberno, o PSOE ten unha situación política moi débil... **Se o convenio mellorou entre os días 4 e 10 exclusivamente a causa do malestar nas factorías, ¿CANTO NON PODERÍA MELLORAR SE NOS MOBILIZÁSEMOS?** Pero non só se trata do convenio. A taxa de reposición pactada está lonxe da aprobada pola asemblea (recuperar o nivel de emprego de 2005). De feito, o plan nin sequera contempla as baixas por xubilación que se están a producir este ano. Este plan supón outro recorte de persoal. Non podemos contentarnos. Temos que reivindicar **MÁIS EMPREGO e que todos os novos ingresos sexan por CONCURSO-OPOSICIÓN, como corresponde a unha empresa pública.**

Pero ademais de máis emprego, hai que reivindicar tamén **MELLOR EMPREGO**. Estes días están a oírse por boca dos defensores deste convenio/plan argumentos propios do PP, no senso de que as condicións laborais son secundarias. Pero non o son. Dende unha posición sindical de clase, é **INACEPTABLE** que este convenio conteña dous convenios en un, posto que establece unhas condicións inferiores para os novos ingresos.

PEORES CONDICIÓN PARA OS NOVOS INGRESOS

- DOUS NIVEIS DE INGRESO CUNHA PERMANENCIA EN CADA UN DELES DE 2 ANOS. AGORA SÓ HAI UN E A PERMANENCIA É DE 6 MESES PARA OS CONTRATOS DE FORMACIÓN E DE 2 MESES PARA O RESTO (art. 31 XXI Convenio)
- NON COBRARÁN DISPOÑIBILIDADE ESPECIAL
- NON COBRARÁN POLIVALENCIA
- NON COBRARÁN A PAGA DE COMEDOR-ECONOMATO
- NON TERÁN COMPLEMENTO DE XUBILACIÓN
- DEPENDENDO DO QUE SE APROBE NAS CINCO COMISIÓN A CREAR TRALA SINATURA DO CONVENIO, PODERÍAN PERDER MOITAS MÁIS COUSAS. OS CRITERIOS DE INCORPORACIÓN DOS NOVOS INGRESOS E AS MODALIDADES DE CONTRATACIÓN TAMÉN QUEDAN PARA UNHA COMISIÓN

Ademais, perderán os dereitos que perdemos todos porque desaparecen do convenio único:

DEREITOS QUE PERDEMOS TODOS

- A MOBILIDADE ENTRE FACTORÍAS DA MESMA ZONA XEOGRÁFICA SERÁ OBRIGATORIA
- PÉRDENSE AS ASIMILACIÓN E HAI RECORTES NOS ASCENSOS
- O COMPLEMENTO DA BAIXA POR DOENZA COMÚN NON INCLUIRÁ OS TRABALLOS ESPECIAIS

- A AXUDA POR FAMILIARES CON DISCAPACIDADE DEPENDERÁ DA PORCENTAXE DE DISCAPACIDADE E INTRODÚCENSE NOVAS CONDICIÓNS
- DESAPARECE A GARANTÍA DO POSTO DE TRABALLO E O COMPROMISO DA EMPRESA DE NON PRESENTAR DURANTE A VIXENCIA DO CONVENIO NINGÚN ERE, AGÁS POR MOR DE SAÍDAS ANTICIPADAS (art. 73 XXI Convenio)

Ademais destas cousas, que xa están claras, **quedan pendentes de definir nas futuras cinco comisións aspectos fundamentais do convenio:**

ASPECTOS FUNDAMENTAIS A DEFINIR NAS COMISIÓNS

- PLAN DE EMPREGO
- CLASIFICACIÓN PROFESIONAL, NOVA ESTRUCTURA SALARIAL E ENCADRAMENTO DE TODO O PERSOAL EN AMBAS
- CRITERIOS DA PROMOCIÓN
- HOMOXENEIZACIÓN DOS CONCEPTOS RETRIBUTIVOS FIXOS E VARIABLES, E DOS CONCEPTOS SOCIAIS (becas, comedor-economato, cartucho de Nadal...)
- SEGURO COLECTIVO DE FALECIMENTO
- INDICADORES DE PRODUTIVIDADE
- PROTOCOLO DE SUBCONTRATACIÓN

Pero este convenio aínda é peor porque en realidade son **TRES CONVENIOS EN UN**, posto que toda unha serie de artigos non serían de aplicación ós técnicos superiores:

ARTIGOS QUE NON SE LLES APLICARÍAN ÓS TÉCNICOS SUPERIORES

- RÉXIME DE QUENDAS
- TRABALLOS NOCTURNOS
- TEMPO POR TEMPO
- PROLONGACIÓN DE XORNADA
- CONTROL DE PRESENZA
- DISPOÑIBILIDADE ESPECIAL E POLIVALENCIA
- VIAXES E DIETAS
- INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL, ABSOLUTA OU GRAN INVALIDEZ
- COMPLEMENTO DE XUBILACIÓN
- Ademais, terían CRITERIOS DISTINTOS NA PROMOCIÓN E NO RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS

Como se ve, só con isto xa é evidente que hai **RETROCESOS MOI IMPORTANTES PARA OS TRABALLADORES**. Ademais, hai que sumar toda unha serie de modificacións negativas que sofren diferentes artigos, cuxa análise máis pormenorizada faremos pública proximamente. ¡E hai que ter en conta que o texto aínda está incompleto! **¿ONDE ESTÁN OS ANEXOS? ¿ONDE ESTÁN AS TÁBOAS?** QUE, NESTAS CIRCUNSTANCIAS, O COMITÉ DE EMPRESA POÑA EN MARCHA O PROCESO PARA A SÚA APROBACIÓN É **IMPRESENTABLE**.

ESIXIMOS QUE O COMITÉ DEA A COÑECER TODA A INFORMACIÓN COMO PRIMEIRO PASO, A CONVOCATORIA DUNHA ASEMBLEA XERAL E, Ó SEU DEBIDO MOMENTO, A VOTACIÓN SEPARADA DO PLAN E DO MAL CHAMADO CONVENIO “ÚNICO”.